

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 08/11/1957

Colección:

Data: 08/11/1957

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

A soldadeira ; *Opúsculos gallegos sobre bellas artes de los siglos XVII y XVIII*; *Segundo Libro de Tapas*; Artes; Artes visuais; Emigración; Literatura; Migracións;

Mencionados:

Carlos Martínez-Barbeito; Isabel Martínez-Barbeito; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 08/11/1957

Buenos Aires, 8 de novembro de 1957

Sr. D.

Domingo García Sabell
Santiago de Compostela.

Querido Domingo:

Por correo aparte mándoche o novo libro Segundo libro de tapas, que acaba de saír; é, de certo xeito, continuación de outro editado fai tres anos ou algo mais. Despois diste, sal tamén estes días, penso, unha obra de teatro escrita en galego, A

Soldadeira, traducida ao castelán, publicada por unha editorial de teatro. Teño outra en iguais condicións que sairá o próximo ano tamén en castelán. Pinto moito, acabo de facer unha exposición con moito éxito, e fun invitado por unha de New York, con outros quince pintores do resto do mundo, pra facer un gran cartel pra a Exposición Internacional de Bruselas, e, en esa mesma cidade ganei estes días un concurso de acuarelas pra ser reproducidas. O número 10 de *Gebrauchsgraphik* deste ano, de Munich, adícame unhas páxinas con reproducións en cor, é a segunda vez que o fai. Fálote de min. Escríbeme falándome de ti e do que fas.

Recibín a carta da irmán de Carlos Martínez Barbeito, Isabel, con unha nota túa, que teño de contestar. Dende logo enviareille cando poda, porque iso é difícil pol-as aduanas, unha obra miña pro museo. Tamén recibín, e agradézochos fundamentalmente, o magnífico libro *Opúsculos gallegos sobre bellas artes* que intréname moito. Eiquí traballamos moito, o que podemos. Pídoche que me envies artigos pra *Galicia Emigrante* coa documentación gráfica que poidades. Gustaríame algo sobor da meiciña actual en Galicia, sobor dos traballos que se fan nesta ciencia feito por tí o (sic) por algunha persoa que tí conozas. Quixera tamén algo sobor das gárgolas do hospital, con fotografías. Gustaríame que vises quen pode facer isto.

Escríbeme longo. Recíbide Elena e tí unha aperta de Maruxa e miña e tí unha grande do teu amigo:

Seoane

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.